

CEIP FONTES BAIÑA

PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA DE
EDUCACIÓN
INFANTIL

CURSO 2021-2022

MESTRAS:

Azucena Díaz Pérez (Coordinadora)

Raquel López Rodríguez

Noelia Fernández Colmenero

Soraya García Oroña

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN INFANTIL

1. INTRODUCCIÓN.

A programación é o elemento fundamental que orienta e guía o proceso de ensino aprendizaxe na aula conseguindo unha ensinanza máis estruturada, organizada e coherente.

Os mestres e mestras temos autonomía para adaptar e concretar o currículo ás características dun grupo de alumnos e do centro educativo para o cal a deseñamos, dando resposta a que , como e cando ensinar e avaliar.

A hora de elaborar esta programación tiven como referencia o Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o Proxecto Educativo de Centro, e outros documentos coma os NOF, Plan de Convivencia, na PXA, no Poxecto Lingüístico... Sempre tendo en conta a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de Educación, modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de Decembro, para a mellora da calidade educativa, a Orde do 25 de Xuño do 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 79/2010 do 20 de Maio para o plurilingüismo no ensino non universitario, o Decreto 229/2011 do 7 de Decembro polo que se regula a Atención á diversidade do alumnado.

Dita programación é elaborada acorde á Orde do 19 de Maio do 2021 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

2.1. *Características da contorna*

O centro ubícase nun entorno rural, na parroquia de Baíña, no lugar de Fontes pertencente ao concello de Baiona, cunha gran riqueza ambiental e natural que fai posible empregar este recurso a nivel didáctico e permite unha actividade constante co medio. Ademais, tamén acude ao centro alumnado das zonas colindantes de Baredo, O Burgo e do barrio de Almirante Fontán.

A maioría das familias teñen un nivel socioeconómico e cultural medio e en case todos os casos traballan ambos proxenitores no sector servizos, no mar e en empresas de Vigo.

Gran parte das familias amosan un nivel alto de compromiso coa educación dos seus fillos e fillas, asistindo ás reunións de comezo do curso, ás entrevistas coas persoas titoras e participando nos proxectos que se levan a cabo na aula e no centro.

As familias, as cales a maioría forman parte do consello escolar e da ANPA, amosan un elevado nivel de aspiración con respecto ao proceso de ensino/aprendizaxe así como tamén de participación e cooperación nas actividades extraescolares e culturais como son o magosto, o Antroido, saídas ...

2.2. Características do centro.

A xornada escolar é continua de 08:50 a 13:50 regulada pola Orde do 29 de maio do 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas EEI, CEIP, CRA, CPI, CEE e centros privados concertados. Dispón de servizo de comedor e transporte.

As instalacións e o persoal do centro son os suficientes e necesarios para que a práctica educativa sexa positiva contando así coas que aparecen recollidas no Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, así como con biblioteca escolar recollida no artigo 113 da LOE.

O recinto escolar está composto por un edificio principal que acolle a etapa de primaria, distribuídas en seis unidades de primaria. E un segundo edificio que acolle a etapa de educación infantil distribuído en tres aulas e o comedor, e ximnasio. En total son 127 alumnos matriculados, dos cales:

En Educación Infantil: hai 34 nenos e nenas

En Educación Primaria: 93

Entre os recursos humanos dicir que o número de mestres aparece reflexado na Orde do 12 de agosto de 2010, coas súas posteriores variacións, pola que se modifican as unidades

e postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial. 2.3. Características do alumnado.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 3, 4 e 5 anos do 2º ciclo de Educación Infantil. Constitúe a planificación do noso traballo docente para o curso escolar co obxectivo de que a miña intervención educativa estea dotada de coherencia e continuidade. As dúas finalidades da miña programación son conseguir o desenvolvemento integral do meu alumnado, e educar para a vida, axudar a aprender, aprender a convivir....

A aula de tres anos está formada por un total de 9 alumnos dos cales 4 son nenas e 5 son nenos

A aula de catro anos está formada por un total de 13 alumnos dos cales 7 son nenas e 6 son nenos.

A aula de cinco anos está formada por un total de 12 alumnos dos cales 7 son nenas e 5 son nenos.

A lingua materna predominante entre o alumnado é o castelán, resultado da pregunta efectuada ás familias ao comezo do curso escolar (establecido no Decreto 79/2010).

O profesorado da etapa de infantil está formado por nove mestres, entre os que hai:

- 3 Titoras especialistas en Educación Infantil.
- Unha mestra especialista en Educación infantil a media xornada que da apoio e Atención Educativa.
- Unha mestra na especialidade de Música.
- Un mestre de Psicomotricidade.
- Unha especialista en Audición e Linguaxe.
- Un mestre da especialidade de Inglés.
- A Orientadora do centro.
- Unha mestra de Relixión católica.

- Unha especialista de Pedagogía Terapéutica.

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Entendemos como atención educativa á diversidade –en consonancia co Decreto 229/2011- o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta á pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos, sendo a escola unha escola inclusiva.

Dende esta perspectiva, a diversidade é unha realidade social, e por tanto, a atención a diversidade, deixa de ser unha medida que responde ás necesidades duns poucos, para pasar a ser unha necesidade de todo o alumnado; necesidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada un dos mestres, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A nosa intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais e as familias e terá como finalidade ofrecer os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida conseguir o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Cabe destacar que na aula de 5 anos hai un neno que ten Síndrome de Down e na de catro anos un posible TEA.

Adoptaranse unha serie de medidas –actuacións, estratexias e/o programas- destinadas a proporcionar unha resposta axustada as necesidades educativas do alumnado. Estas medidas son:

Medidas Ordinarias:

Todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado. Entre as medidas ordinarias incluímos:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Priorizar metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión, favoreza a individualización do ensino e o desenvolvemento de estratexias cooperativas e de axuda entre iguais.
- Empregarase recursos e materiais variados que poñan en xogo todas as intelixencias e formas de aprender do alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado especialista con dispoñibilidade horaria.
- Programas de habilidades sociais.

Medidas Extraordinarias:

Todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes e esixen a avaliación psicopedagóxica e o ditame de escolarización da orientadora.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral

que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. Entre as medidas extraordinarias incluimos:

- Adaptacións dos recursos espaciais, materiais ou de comunicación.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.

4. COMPETENCIAS BÁSICAS.

As competencias básicas son o conxunto de recursos persoais e habilidades – cognitivas, procedimentais, actitudinais, experiencias... – que posúe unha persoa para dar resposta a unha situación problemática e contextualizada e actuar de maneira activa e responsable na construción do seu proxecto de vida, e que resultan imprescindibles para garantir o seu desenvolvemento persoal e social. Estas atópanse recollidas no ANEXO II do Decreto 330/2009 do 4 de xuño, tendo que ser alcanzadas ó remate da educación obrigatoria, facendo na Etapa de Educación Infantil unha aproximación as mesmas, tal e como se recolle no citado ANEXO II, do Decreto Curricular.

Todas as áreas non contribuirán por igual ao desenvolvemento de todas as competencias, nin ao desenvolvemento das competencias debe abarcalo un área illada, senón que grazas á contribución das diferentes áreas do currículo se adquiriran as competencias.

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Esta área contribúe de xeito relevante a favorecer o desenvolvemento do sentido da autonomía, ao iniciar a aprendizaxe do coñecemento dun mesmo, fortalecer a súa autonomía para analizar, valorar e decidir dende a confianza en si mesmo e no respecto ás demais persoas e na medida na que se inicia a aplicación de valores e actitudes persoais.

Potencia así mesmo a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, aprendendo pouco a pouco a regular as propias emocións e desexos, asumindo riscos persoais e aprendendo dos erros, para reelaborar novas formulacións de forma flexible e creativa.

Outra dimensión importante desta competencia a cuxo desenvolvemento contribúe a área é a vertente social da persoa, na que se inclúen as habilidades para o diálogo e a cooperación, a iniciación na organización de tarefas sinxelas e actividades de xogo e a convivencia na vida cotiá.

Esta área contribúe ao desenvolvemento da competencia social e cívica mediante a adquisición de habilidades como coñecerse e valorarse, saber expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar as alleas, respectando o seu punto de vista aínda que difira do propio.

Implica dispoñer de habilidades para participar activamente na vida da aula, como forma de iniciarse nunha participación cidadá posterior. Construindo, aceptando e practicando normas de convivencia acordes cos valores democráticos. Ademais, favorece a práctica do diálogo e a negociación como forma de resolver conflitos tanto no ámbito persoal como no social.

En canto á competencia para aprender a aprender, esta área inclúe aprendizaxes que axudan a ir tomando conciencia das propias capacidades e limitacións, contribuíndo ao seu desenvolvemento en tres vertentes:

1. Por unha banda, mediante o coñecemento das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas), así como do que poden facer por si mesmos e do que poden facer coa axuda dos demais.
2. Por outro banda, mediante a adquisición dun sentimento de competencia persoal que favoreza a motivación, a confianza en se mesmo e o gusto por aprender.
3. Por último, leva consigo a unha avaliación das propias capacidades e coñecementos que axuda a esforzarse para alcanzar as metas formuladas.

Dende esta área desenvólvense capacidades referidas á competencia en ciencia e tecnoloxía, no coñecemento e a interacción co mundo físico, desenvolvendo capacidades para unha axeitada percepción do espazo físico no seu ámbito máis próximo e para interactuar nel con autonomía e iniciativa persoal de forma saudable, así como para moverse e resolver problemas nos que interveñan os obxectos e a súa posición.

Este área contribúe, así mesmo, a tomar unha conciencia progresiva da influencia que teñen as persoas e a súa actividade no espazo.

Cando neste área se abordan contidos relacionados co espazo e os seus obxectos e da relación do neno con eles, lévase a cabo unha interpretación e representación da realidade, contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática.

Iníciase o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística a través da expresión de ideas, sentimentos, emocións, pensamentos e vivencias, así como mediante o diálogo para a resolución de conflitos e mediante a estruturación do coñecemento dun mesmo.

Do mesmo modo, ao escoitar, expoñer e dialogar, utilízanse activamente códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas na expresión e a comprensión de mensaxes orais durante o intercambio de situacións comunicativas diversas.

Cando os nenos e as nenas traballan conxuntamente cos adultos unha actitude crítica e reflexiva na busca, selección, tratamento e utilización da información a través das tecnoloxías da sociedade da información, foméntase a súa autonomía persoal e iníciase o desenvolvemento da competencia no tratamento da información e a competencia dixital.

Ao abordar contidos relacionados coa utilización dos sentidos na exploración da realidade cultural exterior, identificando as sensacións e percepcións que se obteñen diso, estamos a contribuír á adquisición da competencia cultural e artística. Tamén o facemos cando apreciamos e comprendemos o feito cultural a través do recoñecemento das diferentes manifestacións culturais humanas tales como deportes, xogos tradicionais, actividades expresivas ou a danza.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

Ao desenvolvemento da competencia matemática e científica contribúese mediante a percepción do espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana, a habilidade para interactuar co espazo que nos rodea movéndonos nel e resolver problemas nos que interveñan os obxectos e as súas calidades.

Na nosa interacción co espazo físico, producimos modificacións, polo tanto, é básico fomentar dende idades temperás o uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio, o consumo racional e a protección da saúde tanto individual coma colectiva.

Dende esta área favorécese a posta en práctica dos procesos e actitudes propios da indagación científica (formular preguntas, realizar observacións, buscar, analizar, seleccionar e interpretar a información, buscar explicacións probables e extraer e comunicar conclusións)

Desenvólvese a competencia social e cívica a través da comprensión da realidade social na que se vive, sobre todo no seu ámbito máis próximo (familiar e escolar), entendendo, na medida das súas posibilidades, a sociedade actual coa súa pluralidade e o seu carácter evolutivo e coñecendo a achega das diferentes culturas.

Tamén se contribúe ao desenvolvemento desta competencia potenciando a adquisición de habilidades como saber expresar as propias ideas en diferentes contextos, escoitando e respectando outros puntos de vista, mesmo os diferentes do propio, favorecendo a participación efectiva na sociedade, a práctica do diálogo e a negociación como forma de resolver conflitos tanto a nivel persoal como social.

Por outro lado, implica dispoñer de habilidades para participar activamente na vida da aula como forma de iniciarse nunha participación cidadá posterior, ademais de construír, aceptar e practicar normas de convivencia como a mellor forma de educar en democracia.

Contribúe á competencia matemática mediante o desenvolvemento da habilidade para interpretar e explicar de forma precisa datos, informacións e argumentacións adaptadas ao seu nivel de desenvolvemento.

Neste área abórdanse aspectos desta competencia como o coñecemento e o manexo de elementos matemáticos básicos (números, medidas, símbolos...) e a posta en práctica de procesos de razoamento para resolver problemas en diferentes situacións da vida cotiá.

Na medida en que se vai aproximando ao coñecemento das manifestacións culturais e artísticas e se van recoñecendo algunhas delas como propias do patrimonio cultural da comunidade, a área proporciona a adquisición dunha conciencia e expresión cultural.

Este área contribúe de forma relevante ao desenvolvemento da competencia dixital ao traballar na busca, selección, tratamento e utilización da información en distintos soportes e con diferentes fins.

A través da utilización de diferentes textos para interpretar, representar e comprender a realidade, contribúese á competencia en comunicación lingüística.

En canto á competencia para aprender a aprender, este área proporciona o inicio na utilización de distintas estratexias de aprendizaxe tales como a observación e rexistro dos feitos, traballo en equipo, planificación e organización de actividades, coñecemento dos diferentes recursos e fontes de información. Ao mesmo tempo implica a curiosidade por formularse preguntas sobre o que nos rodea e a busca de respostas posibles.

Ao sentido da iniciativa contribúese desenvolvendo as habilidades para o diálogo e a cooperación, a iniciativa para presentar proxectos, a destreza para argumentar, a iniciación na organización de tarefas e actividades sinxelas, a flexibilidade para aceptar cambios e innovacións e a convivencia na vida cotiá.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

A área contribúe directamente á adquisición da competencia lingüística que se irá desenvolvendo a través do uso social e funcional dos diferentes contextos comunicativos, onde os nenos aprenden a expresar sentimentos, emocións, vivencias e opinións, así como a dialogar e a interpretar a linguaxe escrita mediante sucesivas aproximacións aos textos presentes no seu ámbito. Desta forma inician un coñecemento e uso progresivo dos elementos máis formais da linguaxe, do seu funcionamento social e das normas que

rexen os intercambios lingüísticos, contribuíndo en conxunto ao desenvolvemento da autoestima e confianza en si mesmo.

Grazas á riqueza dos intercambios lingüísticos que se xeran de forma específica, ao abordar contidos a través doutros medios de expresión (plásticos, musical, corporal e escénico) e ao mellorar a expresión e comprensión en diferentes contextos comunicativos, estamos a contribuír igualmente ao desenvolvemento desta competencia.

Este área contribúe ao desenvolvemento da conciencia e expresión cultural ao abordar contidos que facilitan a expresión a través de diferentes códigos artísticos, ao percibir diferentes realidades do mundo da arte e da cultura próxima ao ámbito do neno. Nesta etapa, os nenos descubren os elementos da linguaxe plástica a través da experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais, expresando as súas ideas e sentimentos con finalidade comunicativa, estética e creativa.

A escoita, comprensión, recitado e dramatización de diferentes textos literarios, contribuirá a comprender e apreciar o valor cultural da literatura. A observación doutros tipos de obras plástica e musicais presentes no seu ámbito cultural proporcionaralles unha percepción, comprensión e enriquecemento propio con expresións artísticas de diferentes épocas e culturas.

En canto á competencia social e cívica, este área contribúe de forma fundamental ao incrementar as habilidades para saber comunicarse en diferentes contextos, a través da lingua en particular e das linguaxes en xeral, facendo do diálogo un valor moi importante para unha boa convivencia (ser capaz de poñerse en lugar do outro, resolver conflitos, escoitar, traballar en equipo, expresar as súas ideas e respectar as dos demais,...), tendo en conta que nesta etapa educativa o ámbito dos nenos amplíase e diversifica, poñéndolles novas situacións para afrontar outras experiencias, ampliar as súas relacións sociais, tomar conciencia das diferenzas e suscitar actitudes positivas cara a elas.

Contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática ao abordar o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (números, símbolos, elementos

xeométricos...) tanto en situacións reais como simuladas da vida cotiá. Estes elementos e razoamentos matemáticos serán utilizados para enfrontarse ás situacións cotiás que os precisen, partindo da identificación de tales situacións e aplicando unha serie de estratexias de resolución de problemas que xurdirán en situacións variadas do seu ámbito.

As diferentes linguaxes abordadas dende este área contribúen ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, permitindo aos alumnos iniciarse na aprendizaxe, sendo capaces de continuar aprendendo de forma cada vez máis autónoma e eficaz, así como ir tomando conciencia das capacidades que entran en xogo durante a aprendizaxe como a atención, concentración, memoria, comprensión e expresión lingüística entre outras.

Ademais, a través das diferentes linguaxes iníciase no desenvolvemento de habilidades para obter información (tanto individualmente coma con axuda dos adultos) para despois transformala en coñecemento propio, relacionando e integrando a nova información cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal, sabendo posteriormente, aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e noutros contextos.

A adquisición de capacidades comunicativas tamén os aproximará ao uso e tratamento da información, aos diferentes recursos, ás diferentes respostas, axudándoos a formularse preguntas e a iniciarse na adquisición de estratexias de planificación en equipo. Na medida na que se axuda a organizar o pensamento, a mellorar o control emocional, a adquirir habilidades para o diálogo e para o traballo en equipo, contribúese ao desenvolvemento do sentido da iniciativa persoal.

Dende este área abórdanse habilidades que contribúen a desenvolver a competencia científica ao utilizar a lingua como instrumento de comunicación e aprendizaxe, favorecendo deste modo a comprensión de sucesos e a interacción co mundo social e natural que os rodea. Por outro lado, a percepción de sons, formas, cores, texturas, xestos e movementos nas distintas obras artísticas contribúen en boa medida á apreciación do ámbito.

Contribúese a competencia dixital a través do uso da tecnoloxía como ferramenta para buscar, seleccionar e tratar a información en procesos relacionados coas diferentes linguaxes sonoras, gráficas e artísticas para aprender, informarse e comunicar. Durante esta etapa, a iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos irá acompañada dunha axeitada intervención docente para valorar criticamente o seu uso e contidos.

5. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

A educación infantil ten como finalidade favorecer o desenvolvemento harmónico dos nenos e nenas nos seus diferentes ámbitos: físico, lingüístico, afectivo e de equilibrio persoal, social e intelectual. Contribuirase, a través da acción educativa, ao desenvolvemento das capacidades que permita:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Obxectivos didácticos ou de aprendizaxe: Constitúen as intencións educativas e unha guía inmediata para planificar a aprendizaxe, proporcionando ao mesmo tempo criterios de avaliación do proceso e dos resultados. Son o referente indispensable para avaliar a adquisición de capacidades. Son observables, medibles e avaliáveis e contribúen á consecución das capacidades propostas para educación infantil. Están adaptados aos niveis correspondentes e ás características dos meus alumnos de 3 anos e gardan coherencia cos contidos propostos.

Os obxectivos que pretendo traballar durante este curso escolar son os seguintes:

❖ **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Coñecer o propio corpo, identificando algunhas das súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.

- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais -idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas,...-.
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

❖ COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos diferentes épocas do ano.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades, e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etcétera.

❖ LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe, e de goce.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos , así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar....dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos..
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC - encerado dixital interactivo, como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.
- Os obxectivos e contidos máis concretos a traballar repartidos por idades son os seguintes:

OBXECTIVOS 4º INFANTIL:

- Conseguir que os alumnos/as teñan interese pola escola, se sintan a gusto e saiban desenvolverse dentro do grupo, utilizando de xeito axeitado os espazos e os materiais.
- Identificar e expresar diferentes emocións: alegría, tristeza, enfado, calma (facilitar o cambio emocional que supón a incorporación á escola tanto para os nenos e nenas como para as familias).
- Coñecer os espazos da aula (ambientes de aprendizaxe) e o material existente.

- Coñecer o centro escolar: edificios, dependencias, servizos, aulas e materias.
- Coñecer o persoal docente e auxiliar, informar das súas funcións.
- Xerar a creación de normas, ritmos, rutinas, autonomía e orden.
- Adaptar as actividades progresando en dificultade tendo en conta a súa idade.
- Facilitar a manipulación libre do material, dispoñéndoo ao seu alcance manual e visual.
- Coñecer aos compañeiros e compañeiras: recoñecemento grupal.
- Traballar a conciencia fonolóxica mediante xogos de escoita.
- Nomear as partes do corpo sobre sí mesmos/as e sobre outras persoas.
- Clasificar obxectos atendendo a algún criterio: forma, cor, tamaño.
- Identificar os números do 0 ao 3 e asocialos coas cantidades que representan.
- Recoñecer algunhas figuras xeométricas: círculos, cadrados, triángulos, rectángulo
- Identificar/recoñecer as letras que compoñen o seu nome e o dos seus compañeiros/as.
- Ordear as accións máis relevantes do día.
- Identificar os opostos: día-noite; arriba-abaixo; diante-detrás; grande-pequeno.
- Coñecer as cores .
- Realización de actividades para desenrolar a destreza de mans e de dedos (psicomotricidade fina) así como a coordinación óculo-manual.
- Realización de trazos e esbozo da figura humana.
- Traballar a expresión oral e a escoita.
- Recoñecer as festas populares do seu contorno así como a cultura

OBXECTIVOS 5º INFANTIL

- Recoñecer o seu nome e dos compañeiros/as.
- Recoñecer as letras que forman o seu nome e intentar representalo graficamente.
- Recoñecer as vocais e algunhas consoantes en maiúsculas.
- Iniciarse na escrita de palabras de xeito construtivista

- Coñecer por orde os días da semana e as estacións.
- Coñecer e nomear as partes principais do corpo humano
- Recoñecer e realizar as seguintes figuras xeométricas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo.
- Nocións básicas de medida: tamaño: largo- corto, grande- pequeno, grosso – fino.
- Uso dos seguintes cuantificadores: cheo – baleiro, máis que – menos que, moitos- poucos, un máis.
- Medición do paso do tempo: día e noite, antes e despois, hoxe, mañá, onte.
- Identificación dos números do 0 ao 10, representar a grafía dos números do 0 ao 5.
- Realizar operacións sinxelas a través de obxectos naturais
- Chegar a conclusións despois da realización de experimentos.
- Realizar obras de arte con diversos materiais, de refugallo, naturais....

OBXECTIVOS 6º INFANTIL

- Recoñecer o seu nome e dos compañeiros/as.
- Reproducir o seu nome en letras maiúsculas.
- Recoñecer e escribir as vocais e algunhas consoantes en maiúsculas (P, M, L, S, T, D, N, F, R, H, C, QU, G, GU, B, V, Z, J, G)
- Coñecer por orde os días da semana e os meses do ano, identificar o día que vai antes e despois, e as estacións do ano.
- Coñecer e diferenciar as partes principais do corpo humano
- Discriminación das seguintes figuras xeométricas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo e óvalo.
- Nocións básicas de medida e tamaño: longo- curto, grande- mediano, pequeno, ancho –estreito, grosso – fino, pesado – lixeiro.
- Uso dos seguintes cuantificadores: cheo – baleiro, máis que – menos que, tantos

como, un – varios, enteiro – metade, ningún – varios.

- Medición do paso do tempo: día e noite, antes e despois, hoxe, mañá, onte.
- Identificación dos números do 0 ao 10, e de operacións entre cantidades (sumar, restar)
- Conteo ata o 30
- Discriminación dos cores primarios e algún secundario (verde, laranxa, rosa, marrón, gris, branco e negro)

OS CONTIDOS segundo Zabalza son elementos da experiencia dos nenos que foron seleccionados para mediar entre os pequenos e as demandas sociais e culturais, contribuíndo ao proceso de socialización e a asimilación dos saberes sociais e culturais. Os contidos por ser un elemento prescriptivo do currículo, son extraídos do Decreto 330/2009, e como criterios de selección e organización que tiven en conta á hora de seleccionalos destaca que deben adaptarse as características, particularidades dun grupo de alumnos ,que sexan significativos e relevantes partindo sempre do máis próximo e coñecido, é dicir debese secuenciar e organizar acadando un equilibrio entre estes sempre de xeito global. Debido á etapa dos nenos de infantil prestarei máis atención aos contidos procedimentais e actitudinais, xa que os nenos a estas idades aprenden facendo a través da observación e manipulación. Os contidos organízanse en áreas e á súa vez dentro de cada área en bloques de contidos, os cales abordarei ao longo do curso escolar.

❖ COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

O corpo e a propia imaxe

- Recoñecemento progresivo das posibilidades e características do seu corpo para chegar á toma de conciencia do seu esquema corporal
- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo.

- Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.

Xogo e movemento

- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.
- Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas. Aceptación do xogo como medio de desfrute e de relación cos demais.
- Satisfacción polo crecente dominio persoal.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices, finas e grosas.
- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración.
- Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.

Actividade cotiá

- Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.
- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento.
- Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva

para establecer relacións de afecto con persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.

- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo do das demais persoas.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.

O coidado persoal e a saúde

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo: hixiene, alimentación, descanso...
- Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.
- Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas –vestimenta, peiteados, adobíos, coloridos...

❖ COÑECEMENTO DO CONTORNO

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.
- Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con variadas accións.
- Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.
- Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.

- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándoos axeitadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.

Achegamento á natureza

- Identificación dalgunhas características dos seres vivos empregando a exploración sensorial.
- Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.
- Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
- Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.

Cultura e vida en sociedade

- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.
- Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade evitando estereotipos sexistas.

❖ LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Linguaxe verbal

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentado a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.
- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas -saúdos, despedidas, formulas de cortesía, cumprimentos....

Aproximación á lingua escrita

- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e goce a través de soportes diferentes.
- Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

Achegamento á literatura

- Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente, de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro... tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartido.
- Participación creativa en xogos lingüísticos -encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas,...- acompañados de respostas corporais - xestos, movementos, ritmos,- para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.
- Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal

- Exploración sensorial dos elementos presentes no entorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.
- Potenciación da súa imaxinación e fantasía para enriquecer actividade creativa.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica -liña, forma, cor, textura, espazo e volume.
- Goce coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión: cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros, que lle permitan desenvolver a súa sensibilidade estética.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, telas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa da area, retroproxeutor, encerado dixital, fotografías,....-, e das distintas técnicas -debuxo, pintura, collage, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...-, como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias....
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxeutor...
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquexos para a consecución dunha melloría na produción.
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.

Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías -videotecas,

coleccións de CD, ordenadores, Internet...- como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.

- Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas.
- .Á hora de avaliar debemos ter en conta unha serie de criterios de avaliación que son os seguintes separados por áreas

➤ **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**

- Recoñecer identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas distintas partes.
- Coordinar e controlar o seu corpo.
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que o rexen.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

Mínimos esixibles

- Recoñece e identifica algunhas partes do corpo.
- Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.

- Coordina e controla o seu corpo e as súas posibilidades motrices.
- Participa en xogos amosando destrezas motoras e aceptando as normas que os rexen .
- Regula o propio comportamento adoptando hábitos elementais de organización, atención e esforzo.
- Realiza de xeito autónomo as rutinas diarias.
- Resolve con autonomía as actividades da vida cotiá.
- Amosa autonomía respecto das cuestións de hixiene corporal.
- Colabora no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

➤ **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos.
- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.
- Dar mostras de interese polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.

Mínimos esixibles

- Agrupa e clasifica obxectos do contorno atendendo a distintos criterios (forma, cor, tamaño,...)
- Resolve problemas sinxelos empregando os números para contar, comparar,

engadir...

- Participa en proxectos, experimentos e investigacións do medio natural.
- Identifica e recoñece información relacionada cos seres vivos e o seu contorno.

➤ **LINGUAXES COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
- Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha de escoita atenta e respectuosa.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas adiviñas...
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estáticas e comunicativas.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

Mínimos esixibles

- Expresa oralmente e comunica ideas, sentimentos e emocións.
- Comprende mensaxes orais diversas.
- Utiliza a biblioteca adecuadamente.
- Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais.

- Explora as posibilidades de expresión de diferentes materiais plásticos.
- Utiliza, na medida das súas posibilidades, as TIC.

6. TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES.

7. METODOLOXÍA.

7.1. Principios metodolóxicos.

Unha das cousas máis importantes é o ¿Cómo ensinar? Partindo así de dúas ideas fundamentais ¿Cómo son os nenos/as na etapa infantil? e ¿como aprenden?. Tendo en conta que a LOE establece que os métodos de traballo basearanse nas experiencias, nas actividades e no xogo e aplicaranse nun ambiente de afectividade e confianza para potenciar a autoestima e a integración social. Como docentes non temos que seguir un modelo metodolóxico prescriptivo xa que o método vai variar segundo as características individuais do alumnado, o contexto sociocultural do centro e o momento determinado, pero si debemos facer explícitos os principios metodolóxicos que debe enmarcar e guiar a nosa acción pedagóxica. Polo tanto a miña programación vai ter como referencia: Principios metodolóxicos básicos, os recursos didácticos básicos e os autores da Escola Nova como Decroly, Fröebel, Freinet.... E outros autores como Piaget, Ausubel, Gardner...

Como referencia para os principios metodolóxicos tomarei o actual modelo curricular D 330/2009 e os autores do movemento de renovación pedagóxica da Escola Nova, as ideas pedagóxicas e psicolóxicas destes enriqueceron de maneira considerable as prácticas educativas actuais de educación infantil.

Os principios de intervención educativa e recursos didácticos que se recollen no Decreto do currículo son:

-Ambiente de aprendizaxe fai referencia á organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e tempo. En canto aos espazos, planificarei espazos para compartir, para estar sos, para xogar e para relacionarse cos demais, espazos para actividades requiran certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. En canto aos materiais

adecuaranse aos tipos de contidos e características e necesidades do meu alumnado, tendo en conta o momento no que nos atopamos. O tempo será flexible adaptado aos intereses, necesidades e dificultades das tarefas.

-Perspectiva didáctica, enfoque globalizador de Decroly: as propostas didácticas terán como punto de partida situación globalis interrelacionando as tres áreas a través da práctica diaria, organizando os contidos en unidades significativas que partan do interese do alumnado e relacionadas sempre co coñecido para o alumnado.

-O papel do mestre será un guía, orientador das aprendizaxes primando a valoración positiva as interaccións, a aprendizaxe significativa e a creatividade.

-O papel do alumnado/ principio de actividade serán activos sendo os protagonistas da aprendizaxe, fomentarei a autonomía a través de responsabilidades, reflexionarán sobre os progresos e melloras.

-Agrupamentos/principio de socialización: debido á diversidade do alumnado e ás necesidades dos contidos levarei a cabo agrupamentos en gran grupo para planificar, decidir, expoñer... en pequeno grupo para fomentar a interacción cooperativa e a actividade individual para a interacción máis específica alumno/a-mestre/a. Para isto terase en conta os grupos burbulla que se estableceron fronte a esta situación.

-Apertura ao contorno/principio de interacción co medio de Vigostky levarei a cabo unha relación de colaboración e coordinación entre o equipo docente, as familias e o contorno. Para poñer en práctica este principio aproveitarei o potencial educativo que ofrecen as saídas, as visitas e todo o que o contorno máis próximo nos ofrece xa que este último é fundamental para establecer as bases da aprendizaxe.

Ademais destes principios metodolóxicos a continuación recollo outros vixentes na actualidade.

-Principio do desenvolvemento psicomadurativo de Piaget, que me vai permitir adecuar os contidos ao estadio evolutivo dos meus alumnos.

-Principio de individualización, onde teño en conta que cada neno é un ser diferente, que cada un aprende de diferente forma, a diferentes ritmos polo que todas as actividades serán variadas e axustadas aos diferentes ritmos e estilos cognitivos. Tamén me centrarei

na teoría das intelixencias múltiples de H. Gardner á hora de propoñer diferentes actividades e da formación de grupos.

-Principio de aprendizaxe significativa de Ausubel. Partirei dos coñecementos previos do alumnado conectándoos cos seus intereses e necesidades propoñendo actividades atractivas e motivadoras para que utilicen estes novos coñecementos. Aprender de forma significativa permitirá aplicar o aprendido en diversas situacións e contextos, acercándose á competencia de aprender a aprender. Para isto todas as actividades serán motivadoras, de interese e respondan ás súas necesidades.

-Principio de seguridade e confianza onde crearei un ambiente acolledor e seguro que estimule as relacións interpersoais e contribúa a creación da autoimaxe positiva. O neno/a que non está equilibrado emocionalmente non aprende.

-Principio de motivación que aplicarei a través da decoración da aula, aplicación de estímulos afectivos, reforzo positivo, premios... Respetando sempre tanto o acerto coma o erro considerando ambos como elementos do proceso de aprendizaxe.

Outra estratexia pedagóxica que me axudará na consecución dos obxectivos así como no inicio das competencias son os obradoiros, destacando a Freinet como autor desta metodoloxía. Ditos obradoiros serán levados a cabo en gran grupo e moitos deles en colaboración coas familias, tan inmersas no proceso de ensino-aprendizaxe.

O traballo por proxectos e a súa contribución á consecución das competencias básicas: supón un xeito diferente de estruturar as actividades de aprendizaxe ao redor dun tema que se intentará resolver manexando adecuadamente información que o neno/a atopará en diferentes fontes vídeo, fotografía, internet, museos.. Esta estratexia de organización introducida por Kilpatrick está baseada no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento de relación entre os contidos e no enfoque globalizado que vai favorecer a construción do coñecemento e a consecución de competencias básicas, asegurando que as aprendizaxes sexan significativas e contextualizadas. Como proxecto anual este curso escolar levamos a cabo un proxecto interdisciplinar que ten por título

moi relacionado coa situación que estamos vivindo nestes momentos e que se pretende traballar diferen Un mar de oportunidade relacionado coa reciclaxe.

Ademais este curso levaremos a cabo o traballo por instalacións, é dicir a aprendizaxe a través da arte. Unindo deste xeito a arte cos coñecementos lóxico-matemáticos. As instalacións son espazos de experimentación onde a través do xogo espontáneo os nenos liberen a creatividade e comuniquen sentimentos e emocións.

POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

Debido á situación sanitaria que estamos vivindo e para unha boa aprendizaxe o meu deber como titora é ter en conta para as diversas situación que se podan dar: Actividade lectiva Presencial, Semipresencial ou non presencial.

En canto á actividade lectiva presencial levareina a cabo do xeito que nomeei anteriormente e tendo en conta esta programación didáctica.

A actividade lectiva non presencial levareina a cabo a través de canles de comunicación e información inmediata, onde todos os días lles mandaríase diversas propostas adaptadas ao que queremos traballar... Para isto tería en conta o uso de materiais coñecidos para eles e dos cales poden dispoñer nas súas casas. Ademais ante calquera necesidade de mandarlles materiais para imprimir levareino a cabo a través do correo electrónico e da aula virtual.

E en relación á actividade lectiva semipresencial utilizarei as dúas metodoloxías antes nomeadas. No momento que o alumnado acceda á clase levarei a cabo a metodoloxía da actividade presencial e no momento que non estea na clase será utilizada a metodoloxía da actividade non presencial.

7.2. Distribución espazo-temporal.

A organización e distribución espacial responderá a dous grandes criterios: flexibilidade adaptado ás características e necesidades do alumnado e ao emprego autónomo por parte do alumnado.

Organización espacial: A configuración do ambiente é un dos eixes da acción dos nenos que vai permitir ou inhibir o desenvolvemento das potencialidades. O medio no que o/a neno/a se desenvolve e no cal interacciona debe ser a base do proceso educativo e a súa organización forma parte da miña labor como docente. A organización por recantos que me permite dar resposta ás necesidades e ritmo de aprendizaxe de cada un dos meus alumnos e que estean en igualdade de oportunidades é unha organización do espazo de xeito globalizado, activo e que teña en conta todas e cada unha das intelixencias múltiples dos meus alumnos. Ditos recantos son motivadores, fomentan a autonomía, a creatividade, a imaxinación, o interese por investigar, e facilitan a socialización. Como recantos das aulas de infantil destacar o recanto da arte e das letras, o recanto da biblioteca, o recanto lóxico-matemáticas, o recanto do xogo simbólicos e o recanto da creación e imaxinación de minimundos.

Organización do tempo. O tempo debe ser entendido ademais de como unha ferramenta de organización da vida escolar, na que terei en conta o tempo para os mestres e familias tamén como un elemento que contribúe ao proceso de construción persoal do alumnado. No desenvolvemento da xornada combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos e nenas.

O horario establecido a modo de exemplo para infantil sería:

Entrada ao cole, asemblea, traballo por propostas, proxectos ou especialistas.. Rutina de hixiene e merenda, recreo, hora de ler, traballo por proxectos ou instalacións ou especialistas, xogo libre, recollida e despedida. 7.3. Agrupamentos.

Agrupamentos/principio de socialización: debido á diversidade do alumnado e ás necesidades dos contidos levarei a cabo agrupamentos en gran grupo para planificar, decidir, expoñer... en pequeno grupo para fomentar a interacción cooperativa e a actividade individual para a interacción máis específica alumno/a-mestre/a. Para isto terase en conta os grupos burbulla que se estableceron fronte a esta situación.

Poderase levar a cabo actividades en gran grupo para valorar actitudes como o respecto da quenda de palabra, a espera, respecto de opinións..Actividades como a lectura de contos, proxectos, instalacións...

En pequeno grupo para favorecer a interacción e aprendizaxe cooperativa.. como poden ser as propostas.. Por parellas ou individuais para analizar coñecementos e formas de actuación. 7.4. Actividades.

Durante todo o curso levaranse a cabo diverso tipo de actividades como son:

Actividades de presentación ou motivación sobre todo cando queremos presentar algún proxecto, instalacións, proposta, conto....

Actividades de desenvolvemento onde se traballa todos os ámbitos linguaxe, psicomotricidade, lóxico-matemáticas, lectoescritura , expresión corporal, plástica, arte....

Actividades de avaliación que nos serven para avaliar o grado de consecución dos obxectivos.

Actividades de reforzo e ampliación atendendo á diversidade do alumno.

Tamén se levarán a cabo unha serie de actividades complementarias e extraescolares relacionadas coas conmemoracións, moitas delas levadas a cabo por todo o centro e outras so por grupos pequenos.

A modo de exemplo levaremos a cabo actividades tipo:

Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal: lavar as mans, cociñar, ir ao baño, quitar zapatos, colgar roupa, rutina do calendario, psicomotricidade...

Área de coñecemento do contorno; Recollida de obxectos da contorna, xogos con cousas naturais, conteo de obxectos, agrupacións, clasificacións de obxectos relacionado coa época...

Área de linguaxe e comunicación: actividades plásticas, actividades musicais, actividades de expresión oral, lectura de contos, lectoescritura con obxectos.... 7.5. Proxectos.

Durante este curso escolar o cole está inmerso nun proxecto moi fermoso, a través da ANPA titulado UN MAR DE OPORTUNIDADES relacionado coa igualdade da muller, a reciclaxe e o uso das TICS. Ademais de isto como proxecto anual de centro quixemos unificar dito proxecto ampliando ao traballo da reciclaxe no cal participará todo o centro.

A partir do mes de Decembro en infantil levaremos a cabo un proxecto sobre pingüinos onde investigaremos e coñeceremos a vida destes animais. Relacionaremos este

proxecto coa época do inverno, coa primavera, co día do amor e amizade, coa reciclaxe, coa alimentación, coa vida dos peixes, cos formas de desprazamento, coa arte e dramatización.....

Dende o centro ademais solicitamos o plan ou proxecto IGUALATE e o CPI INNOVA e estamos a espera de que no lo conceda.

Algunhas clases participan no PROXECTO VOZ NATURA a pro da natureza e da alimentación saudable.

7.6. Recursos.

En canto aos [recursos didácticos](#) dicir que son calquera medio material, conceptual, espacial, ou humano que usa o docente para facilitar o proceso ensino-aprendizaxe. Os recursos que eu utilizo son recursos motivadores, variados e diversos, adaptados ás idades dos nenos cumprindo as normas básicas de seguridade e hixiene, destacando os seguintes:

O xogo, é un recurso fundamental nesta etapa a través do cal o neno/a descobre, manipula, relaciona e coñece, polo que propiciarei momentos de xogo ao longo do ano favorecendo así a autonomía. O xogo reúne un triplo carácter: como obxectivo para ensinar a xogar, como contido xa que o alumnado aprende xogando e como recursos metodolóxico porque a través del trabállanse as diversas áreas e experiencias. As actividades tanto das unidades didácticas como dos proxectos, obradoiros... serán lúdicas seguindo a autores como a Fröebel, Vigostky, Piaget.. e tamén tendo en conta a LOE que considera o xogo como activador e motivador do desenvolto dos nenos/as.

[Recursos materiais](#), cabe diferenciar entre: Material funxible, de refugallo, tendo en conta as irmáns Rosa e Carolina Agazzi, materiais de exploración, materiais creados por nos: aproveitarei todos os materiais utilizados para a elaboración de diferentes recursos que nos van permitir unha mellor aprendizaxe construtiva, por exemplo contos, libros de imaxes... Como un recurso material que cobra importante relevancia na miña programación é o conto como elemento motivador, tal e como di Gianni Rodari ten un gran valor pedagóxico xa que espertan a imaxinación, a creatividade, estimulan a memoria, transmiten valores, permiten ensinar coñecementos novos, vocabulario...

fomentan a curiosidade, interese a necesidade de expresión e comunicación así coma os hábitos de atención e orde, e o lado sensible e crítico das cousas. Ademais de ser un medio de descarga de ansiedade e agresividade. Os materiais naturais que nos aporta o noso contorno son os materiais máis destacables nas miñas actividades diarias, xa que me permite traballar moitos aspectos partindo e usando materiais coñecidos para os nenos e que eles mesmos na súa vida diaria pode recolectar.

Recursos tecnolóxicos : a singularidade de que o centro estea situado no entorno rural fai que o uso das tecnoloxías de información e comunicación non figuren tan estendidas como nos ámbitos urbanos. Polo tanto na miña aula utilizarei o encerado dixital, audiovisuais, cámara web... tamén o blog da aula servirá de vía comunicativa coas outras escolas, fomentando así o uso destas partindo da motivación e interese.

Recursos naturais: partindo sempre do contorno máis próximo e coñecido para o alumnado, o xardín, a horta, o parque, pedras, terra, area...

Recursos humanos: persoal docente, familias e colaboradores, dándolle especial relevancia á educación compartida coas familias (para establecer criterios comúns e pautas homoxéneas), co profesorado e con outras institucións tal e como se recolle no RD 1630/2006 e na Orde do 22 de xullo de 1997 que establece o ROC, determinando canles de participación das familias e do mestre e pensando na gran importancia que ten a súa colaboración mutua. A relacións coas familias levareinas a cabo tanto de xeito formal: (entrevistas individuais para obter información, reunións grupais, tutoría...) como informal (contacto diario, saídas, festas, a través do blogue, obradoiros...) tal e como se recolle no proxecto educativo e no Plan de acción tutorial. Ademais as familias participan no proceso educativo de xeito institucional a través do consello escolar e da ANPA. En canto á coordinación co resto do profesorado, terei contacto habitual cos compañeiros de ciclo tanto cos especialistas do meu grupo de alumnos/as como coas titoras das outras escolas, traballando de xeito cooperativo asegurando así unha coherencia e continuidade das accións docentes.

8. PERÍODO DE ADAPTACIÓN.

Antes de falar da metodoloxía é necesario facer fincapé na idade dos nenos que comezan por primeira vez o cole. A entrada na escola significa o primeiro achegamento a un espazo educativo e tamén a separación do neno e a nena do seu medio familiar e de ruptura coas figuras de apego. Esta separación non é un momento sinxelo, por iso é polo que unha idónea elaboración desta separación, coidando a continuidade do apego entre pais, nais e educadoras e a transición entre ambos contextos, familia e escola, permitirá aos nenos e ás nenas sentar as primeiras bases da súa autoconfianza.

Por isto, unha organización coidada e individualizada do período de adaptación é clave para a adecuada transición familia-escola, e debe responder ás necesidades tanto do alumnado como das súas familias.

A organización deste período garantizará a integración gradual do alumnado de nova incorporación dende o inicio das actividades lectivas. Estableceranse no PE as medidas organizativas e pedagóxicas para este período. Este período en ningún caso poderá superar o mes de setembro e concrétese na disposición adicional segunda dá Orde do 19 de maio do 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022.

- profesorado de educación infantil elabora o plan de adaptación para o alumnado de primeira incorporación cos seguintes obxectivos:
- Conseguir que a adaptación do alumnado ás escolas sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.
- Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación.
- Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado (as súas preferencias, o seu desenvolvemento, a súa autonomía, a aceptación de límites...) para mellorar o coñecemento mutuo.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar cubrindo as súas necesidades emocionais.
- Para conseguir estes obxectivos terase en conta o desenvolvemento dos seguintes aspectos:

- A participación e colaboración das familias neste período é fundamental, establecendo contactos positivos entre as familias e a escola.
- Flexibilización do calendario e horario dos nenos e nenas que se incorporan por primeira vez ao centro.
- Actividades encamiñadas á mellor adaptación deste alumnado.
- Flexibilización no tipo de agrupamento.
- Levaranse unha serie de actividades durante este período para facilitar o proceso de adaptación, estas son:
 - Actividades adaptadas ás motivacións e intereses dos nenos e nenas: xogos de roles, xogos de contacto corporal, dinámicas grupais, xogos de comunicación e expresión, xogos manipulativos, de construción e simbólicos.
 - Actividades para coñecer as preferencias e os gustos dos nenos e nenas, as súas capacidades e limitacións e o seu nivel de desenvolvemento.
 - Actividades para o coñecemento dos materiais e os espazos da aula e o centro.
 - Actividades para o recoñecemento grupal, o coñecemento de rutinas e para favorecer a autonomía persoal.
 - Realizarase coas familias entrevistas diagnósticas iniciais así como reunións explicativas para garantir a optimización do proceso.

O período de adaptación deste curso académico foi planificado tendo en conta os grupos burbulla. Para o establecemento de ditos grupos tivo en conta o agrupamento segundo vaian a comedor, a bus e a relixión ou valores.

Polo tanto o período de adaptación e o seguinte: un grupo de catro nenos e un grupo de cinco. Comezando a vir a escola unha hora os primeiros días para logo ir aumentando en relación ao ritmo de cada un.

9. AVALIACIÓN

A avaliación nesta etapa serve para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, o ritmo e características da súa evolución, así como

identificar as aprendizaxes adquiridas, constituíndo unha práctica habitual e permanente do profesorado que facilite a toma de decisións encamiñadas ao avance nos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación será global, en canto deberá referirse ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos da etapa, axeitados ao contexto sociocultural do centro e as características propias do alumnado; será continua, xa que esta está presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de tódalas actividades e non só en momentos concretos e illados; e será formativa, xa que proporciona información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.

Ao longo do curso, tendo como referencia os criterios de avaliación das distintas áreas e competencias, iremos valorando o proceso de aprendizaxe de cada neno e nena, destacando os seus progresos, as dificultades atopadas e facendo propostas de mellora para dar unha resposta adaptada ás necesidades particulares de cada neno e nena.

En canto aos instrumentos de avaliación destacar

A principal técnica e fonte de información do proceso de avaliación basearase na observación directa e sistemática. Tamén terase en conta a análise das producións dos nenos e nenas e as entrevistas realizadas coas familias. Na práctica diaria, o docente recollerá información relativa a:

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal	Observación directa da autonomía con que se move polos distintos espazos e nas distintas situacións, do uso dos distintos materiais, da súa participación en xogos e rutinas... Valoración de traballos individuais.
Coñecemento do contorno	Observación directa das achegas que fai

	<p>nas distintas fases dos proxectos traballados: curiosidade por aprender, coñecelo seu contorno, busca de información, aportación de información...</p> <p>Observación do uso que fai dos coñecementos que vai adquirindo en relación cos proxectos traballados.</p>
<p>Comunicación e representación</p>	<p>Observación directa das intervencións na asemblea diaria e noutras situacións comunicativas: iniciativa en diálogos e conversas, comentarios sobre as lecturas, sobre os distintos tipos de texto que se traballan, respostas ás cuestións prantexadas, conversas entre iguais...</p> <p>Observación directa da súa participación en actividades de expresión musical.</p> <p>Valoración de traballos plásticos individuais e colectivos.</p>

Cada trimestre, o equipo docente de aula, realizará sesións de avaliación na que compartirá información sobre o alumnado valorando o seu proceso de aprendizaxe, a propia práctica docente e aportará propostas de mellora.

Esta información será transmitida ás familias nun informe escrito trimestral. Ademais informarase oralmente tantas veces se estime oportuno ou cando estas o soliciten.

Todos os informes xerados trala avaliación son incorporados ao expediente persoal do alumnado e os documentos de avaliación oficiais cúbreanse electrónicamente, a través dos módulos correspondentes incorporados ao sistema informático XADE.

Na avaliación teranse en conta aspectos relacionados con todo tipo de contidos, dándolle a importancia necesaria ás actitudes, aos hábitos e ao esforzo.

Os instrumentos para recoller de xeito organizado información sobre o proceso seguido polo alumnado son: entrevistas coas familias, o diario de aula, rexistros de observación, as conversas co alumnado, as situacións de xogo, as producións dos nenos e nenas.

Incorporarase á memoria de fin de curso unha valoración do grao de consecución dos obxectivos e das competencias básicas en cada grupo.

Mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva:

- Mostrar unha adaptación adecuada aos espazos, horarios e rutinas.
- Manter unha relación adecuada co alumnado e profesorado do ciclo.
- Acadar un nivel de autonomía e desenvolvemento persoal que lle permita participar no desenvolvemento das actividades da aula independentemente do nivel acadado nas producións e na adquisición de coñecementos.

10. RELACIÓN COAS FAMILIAS

Un aspecto esencial á hora de ensinar é unha educación en consenso coas familias. Dende a etapa de educación infantil fomentamos unha moi boa relación coas familias de xeito presencial participando dende o período de adaptación, en diversas conmemoracións, festivais....Aportación de materiais, traballos que se lles pide... A forma de comunicación é a través da mensaxería instantánea, abalar móbil, correo electrónico e páxina web.. Ademais diariamente comunicámonos coas familias cunha axenda do neno ou nena.

PROGRAMACIÓN PSICOMOTRICIDADE E. INFANTIL 3 ANOS.

1.-OBXECTIVOS

- Coñecer o espazo.
- Desarrollar unha imaxe corporal positiva e axustada.
- Manter o equilibrio.
- Adquirir a coordinación dinámica xeral.
- Camiñar e correr con cambios de dirección libremente e por planos no chan.
- Controlar as distintas formas de desprazamentos.
- Traballar a coordinación motriz.
- Identificar os conceptos diante-detrás.
- Coñecer as partes do corpo.
- Recoñecer as partes móbiles do corpo e explorar as súas posibilidades motrices.
- Desplazarse sobre un banco sueco.
- Explorar as posibilidades e as limitacións do noso corpo.
- Traballar o control e a coordinación progresiva corporal.
- Adquirir nocións básicas de orientación no espazo.
- Desarrollo inicial das habilidades psicomotrices.
- Desprazarse seguindo o ritmo marcado.
- Adquirir a noción de arriba-abaxo.

2.-CONTIDOS

- O corpo humano.
- Control do corpo: actividade, movemento, respiración, reposo, relaxación.
- Coordinación e control corporal.
- Coñecemento do espazo.

-Identificación de conpetos: arriba-abaiixo, dentro-fóra, lento-rápido, grande-pequena, arredor de..., a un lado a outro.

-Desarrollo das habilidades psicomotrices.

-Traballo da actitude positiva e colaborativa.

3.-TEMPORALIZACIÓN

Están progrmadas un total de 26 sesións ao longo de todo o curso cunha duración de 50 minutos cada unha delas.

Cada sesión consta de tres partes:quecemento inicial (10'), parte principal (30') e a relaxación final (10')

4.-RECURSOS

-Contamos no colexio cun ximnasio equipado con material diverso que cada ano se amplía e un patio cuberto.

5.-MATERIAL

-O material é diverso: pelotas, aros, bancos suecos, instrumentos musicais, bolsas, follas de xornais, colchonetas, cordas, etc...e por suposto o noso propio corpo.

6.-AGRUPAMENTOS

-Faremos exercicios individuais, por parellas e de gran grupo.

7.-METODOLOXÍA

A metodoloxía que se utiliza e a metodoloxía vivencial na que a participación do alumnado é indispensable. Ademáis axuda a traballar en grupo e repectar aos demáis. Básase nun aprendizaxe significativo no cual as emocións e a expresión corporal ten unha gran importancia.

8.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Fai uso correcto do material.
- Participa con interés en todas actividades.
- Respetas as normas de convivencia.
- Utiliza roupa e calzado adecuados para a actividade psicomotriz.
- Oriéntase no espazo.
- Desprázase polo espazo con distintos movementos.
- Realiza movementos seguindo unhas intrucións: andar, correr, saltar, subir, baixar,...
- Desarrolla de forma global as habilidades motrices básicas.
- Identifica os conceptos seguintes: arriba-abaixo, dentro-fóra, lento-rápido, grande-pequena.
- Sinala en si mesmo e nos demais as diferentes partes do corpo.
- Adopta diferentes posturas corporais: levantado, sentado, tumado e agachado.
- Utiliza para desprazarse as súas posibilidades motrices con confianza: deprisa-despacio, camiñando, saltando, correndo.
- Identifica os conceptos: diante-detrás, ao redor de, a un lado e a outro.
- Controla o seu corpo nas actividades de reposo e relaxación.

10. PROCEDIMIENTO A SEGUIR EN CASO DE CONFINAMIENTO POR MOR DO CORONAVIRUS (CLASES SEMIPRESENCIAIS E NON PRESENCIAIS).

No caso de que as autoridades sanitarias decidan tomar medidas que impidan a impartición das clases presenciais , o mestre de E. F. utilizará a páxina web do centro para recomendar semanalmente unha serie de actividades para que na medida do posible os pais, nais , titores,-as fagan co alumnado de Educación Infantil na súa casa. Ditas actividades estarán relacionadas cos contidos e obxectivos propios do currículo e desta programación

LINGUA INGLESA EDUCACIÓN INFANTIL

Obxectivos:

- Presentar e saudar aos personaxes do curso.
- Comprender as fórmulas básicas de interacción social: saudar, despedirse, fórmulas de cortesía.
- Repetir e imitar sons, palabras e enunciados significativos.
- Presentar e practicar os números.
- Recrear situacións e contextos nos que se anime os nenos e nenas a participar, actuar e respostar co movemento - situacións de xogo, actividades plásticas, musicais ou nas rutinas diarias-.
- Combinar o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.
- Establecer unhas rutinas que favorezan a aprendizaxe.
- Contar, escoitar e actuar un conto.
- Amosar interese por coñecer, cantar e dramatizar cancións, poesías rítmicas e rimas.

Contidos:

Linguaxe

- Hello, Bye Bye, Good morning/afternoon, Time to go!, See you tomorrow, See you next lesson, Sit down, please, Stand up, please, It's Monkey, Very good!, Well done! What's

this?, Who's this?, What colour is it?, What number is it? What can you see?, What's next?,
Now let's listen to the story, Let's sing the song!, Now let's act out the story -Seven, eight,
nine, ten.

-Black, brown, pink, white

-Mummy, daddy, brother, sister, granddad, granny, family.

-Arms, body, feet, hands, head, legs, robot, round, boy, girl.

-Clap, nod, shake, stamp, wave. happy, sad.

-Drum, guitar, piano, shaker, triangle, trumpet, shake, bang, play, sing, music box,
musical instruments.

-Ball, car, doll, teddy, train, yo-yo, big, small.

-Bird, elephant, giraffe, snake, tiger, zebra, monster, zoo, tail, scared, animals, feather,
soft, cold, smooth, long, rhino, ostrich, penguin, camel, meerkat.

-Biscuits, cheese, juice, nuts, sandwiches, tomatoes, eat, drink, eating, falling, flying,
butter, bread, picnic, lunch.

Autumn, flag, leaves.

-Father Christmas, sleigh, Christmas day, Merry Christmas!, It's Winter / autumn /
summer / spring.

Estruturas comunicativas

-Hello, Goodbye, How many?

-Let's paint, Let's play, Playschool's fun, Come on!, Who's this?, Goal!, -
He's got blonde hair, He's got blue eyes.

-Look out!, I'm sorry, The robot looks funny!, Move your body!, Move your body with me!

-Stop!, It's too noisy!

-It's too big, Is it too small?, Beep beep!, Choo choo!, wheel, toy, I've got a train, I'm ready, Let's go.

-I'm a tiger, Where are the monkeys?, I don't know., Is it a monster?

-I'm hungry!, I'm thirsty!, I love nuts!, Here you are.

Procedementos

-Utilizar personaxes para facer presentacións.

-Ordenar cantando unha canción e despedirse cantando outra.

-Presentar e facer a mímica dunha canción.

-Contar o conto por segunda vez e cantar a canción. Os nenos fan a mímica do conto e da canción.

-Presentar o vocabulario clave e practicalo.

-Presentar e practicar a canción do vocabulario.

-Realizar o pop-out dos personaxes. -

Actuar o conto. _

-Facer a representación do conto e da canción do vocabulario cos atrezos opcionais.

Criterios de avaliación con referencia ás competencias básicas

-Segue as instrucións da clase.

-Intenta comunicarse.

-Escoita e entende as cancións/rimas.

Intenta participar nas cancións/rimas (letra, accións ou as dúas cousas).

-Participa nos xogos.

-Responde non-verbalmente ás instrucións.

-Responde verbalmente ás instrucións.

-Amosar interese por participar en actividades lúdicas de imitación e repetición de sons,palabras e enunciados significativos

-Participar activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.

-Séntese seguro/a na clase.

-Respecta as rutinas e as normas da clase.

-Desenvolve a psicomotricidade grosa.

-Desenvolve a psicomotricidade fina.

-Coopera cos/as compañeiros/as da clase.

-Escoita os/as compañeiros/as da clase.

-Respecta as normas das quendas de palabra.

Mínimos esixibles para o logro das competencias básicas

-Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe da lingua estranxeira.

-Interésase por participar en interaccións orais,en rutinas,xogos e situacións habituais de comunicación.

PROGRAMACIÓN PSICOMOTRICIDADE E. INFANTIL 4 ANOS.

1. -OBXECTIVOS:

-Desarrollar unha imaxe corporal axustada e positiva.

- Iniciar e afianzar a definición da propia lateralidade.
- Desarrollar o equilibrio e o control postural.
- Controlar as distintas formas de desprazamentos: marcha, carreira, salto... coordinando os diversos movementos implicados.
- Caminar a cuadrupedia de diferentes formas e hacia diferentes direccións.
- Identificar os distintos cores.
- Desarrollar a coordinación visomotriz, global aplicada á manipulación de obxectos.
- Desarrollar de modo psicomotor con percepción de formas: círculo, triángulo, cuadrado.

2. CONTIDOS:

- Posturas do corpo e movementos no espazo e no tempo.
- Nocións básicas de orientación no espazo e no tempo.
- O corpo humano e as súas partes. Imaxen global do corpo humano.
- Traballo da confianza nas propias posibilidades de acción e de realización da tarefa.
- Desprazamentos seguindo o ritmo adecuado.
- Adquisición da noción arriba-abaxo, ao fronte, a un lado e a outro.
- Traballo inicial da expresión corporal.
- Inicio de accións lúdicas e adquisición de habilidades motrices novas.

3. TEMPORALIZACIÓN:

Están programadas un total de 25 sesións ao longo de todo o curso cunha duración de 50 minutos cada unha delas.

Cada sesión consta de tres partes:quecemento inicial (10'), parte principal (30') e a

relaxación final (10')

4. RECURSOS:

-Contamos no colexio cun ximnasio equipado con material diverso que cada ano se amplía e un patio cuberto.

5. MATERIAL:

-O material é diverso: pelotas, aros, bancos suecos, instrumentos musicais, bolsas, follas de xornais, colchonetas, cordas, etc...e por suposto o noso propio corpo.

6. AGRUPAMENTOS:

-Faremos exercicios individuais, por parellas e de gran grupo.

7. METODOLOXÍA:

A metodoloxía que se utiliza é a metodoloxía vivencial na que a participación do alumnado é indispensable. Ademais axuda a traballar en grupo e repectar aos demais. Básase nun aprendizaxe significativo no cual as emocións e a expresión corporal ten unha gran importancia.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

-Fai uso correcto do material.

-Participa con interés en todas as actividades.

-Aprecia e respeta as normas de convivencia elementais.

-Acepta as regras dos xogos propostos.

-Utiliza a roupa e o calzado adecuados á actividade.

-Mostra confianza nas súas posibilidades de acción.

-Oriéntase no espacio.

-Desprázase polo espacio con distintos movementos.

- Realiza movementos seguindo unhas instrucións: andar, correr, saltar, subir, baixar, parar, xirar,...
- Adopta diferentes posturas corporais: levantando, sentado, tumpado, agachado.
- Utiliza con confianza as súas posibilidades motrices ao desprazarse: deprisa-despacio, camiñando, saltando, correndo.
- Controla o seu corpo en actividades de reposo ou relaxación.
- Desarrolla de forma global as habilidades motrices básicas.
- Utiliza as súas capacidades físicas básicas y destrezas motrices nas diferentes situacións de actividade física.

11. PROCEDEMENTO A SEGUIR EN CASO DE CONFINAMENTO POR MOR DO CORONAVIRUS (CLASES SEMIPRESENCIAIS E NON PRESENCIAIS).

No caso de que as autoridades sanitarias decidan tomar medidas que impidan a impartición das clases presenciais , o mestre de E. F. utilizará a páxina web do centro para recomendar semanalmente unha serie de actividades para que na medida do posible os pais, nais , titores,-as fagan co alumnado de Educación Infantil na súa casa. Ditas actividades estarán relacionadas cos contidos e obxectivos propios do currículo e desta programaci

PROGRAMACIÓN PSICOMOTRICIDADE E. INFANTIL 5ANOS.

1. -OBXECTIVOS:

- Xogar coas distancias e as posibilidades de recorrer un espazo.
- Memorizar o espazo ocupado.
- Familiarizarse coas distintas dimensións, aplicándoas ao corpo.
- Sentir o noso corpo en relación co chan e cos demais.

- Percibir o equilibrio.
- Coñecer un pouco máis o noso corpo e as súas posibilidades de movemento.
- Observar, capacidade de reproducir un movemento.
- Cooperar cos demais e buscar posturas conxuntas.
- Desarrollar o control postural e a creatividade.
- Comunicarse cos outros.
- Coñecer os aros e manipularlos con precisión.
- Adquirir habilidades e destrezas.
- Diferenciar a noción detrás de, diante de mediante os desprazamentos.
- Lanzar coas mans en diferentes direccións unha pelota.
- Desarrollar a coordinación visomotriz, global e aplicala á manipulación de obxectos.
- Localizar e identificar en sí mesmo e nos demás sen nengún erro: cabeza, pescozo, costas, e cintura.
- Encher a boca de aire e expulsalo soplando con forza.
- Distinguir: grande, pequeno, alto-baixo, cerca, lonxe.
- Executar desprazamentos de diferentes formas e direccións.
- Coñecer e distinguir os sentidos.
- Lograr sensacións de seguridade en situacións non normais.
- Coordinación dinámica xeral.
- Iniciar e afianzar a definición da propia lateralidade.
- Recoñecer dereita-esquerda.
- Distinguir a noción entre duro e blando.

2. CONTIDOS:

- Desprazamentos no espacio e no tempo: arriba-abaixo, diante-detrás.
- O corpo humano: segmentos, elementos, características e imaxe global do corpo humano.
- Control activo e adaptación do tono muscular e a postura.
- Coordinación e control corporal.
- Coordinación e control das habilidades manipulativas de carácter fino.
- Ajuste do propio movemento ao espazo e ao movemento dos outros.
- Traballo da expresión dinámica en situación diversas (xogos de expresión, simbólico,...).
- Aceptación das regras que rixen os xogos.
- Actitude de axuda, colaboración e cooperación coordinando os seus propios intereses cos dos outros.
- Valoración e actitude positiva ante as demostracións de afecto dos demais.

3. TEMPORALIZACIÓN:

Están programadas un total de 25 sesións ao longo de todo o curso cunha duración de 50 minutos cada unha delas.

Cada sesión consta de tres partes: quecemento inicial (10'), parte principal (30') e a relaxación final (10')

4. RECURSOS:

-Contamos no colexio cun ximnasio equipado con material diverso que cada ano se amplía e un patio cuberto

5. MATERIAL:

-O material é diverso: pelotas, aros, bancos suecos, instrumentos musicais, bolsas, follas de xornais, colchonetas, cordas, etc...e por suposto o noso propio corpo.

6. AGRUPAMENTOS:

-Faremos exercicios individuais, por parellas e de gran grupo.

7. METODOLOXÍA:

A metodoloxía que se utiliza é a metodoloxía vivencial na que a participación do alumnado é indispensable. Ademais axuda a traballar en grupo e repectar aos demais. Básase nun aprendizaxe significativo no cual as emocións e a expresión corporal ten unha gran importancia.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Fai o uso correcto do material.
- Participa con interés en todas as actividades.
- Aprecia e respeta as normas de convivencia elementais.
- Acepta as regras dos xogos propostos.
- Utiliza a roupa e o calzado adecuados á actividade.
- Expresa as emocións a través do corpo.
- Mostra confianza nas súas posibilidades de acción.
- Desprázase polo espazo con distintos movementos.
- Utiliza con confianza as súas posibilidades motrices ao desprazarse.
- Controla o seu corpo en actividades de reposo e relaxación.
- Adapta o tono muscular e a postura ás características da situación.
- Recoñece as partes do propio corpo e as dos demais.
- Desarrolla de forma global as habilidades motrices básicas.
- Utiliza as súas capacidades físicas básicas e destrezas motrices nas diferentes situacións de actividade física.

9. PROCEDIMENTO A SEGUIR EN CASO DE CONFINAMENTO POR MOR DO CORONAVIRUS (CLASES SEMIPRESENCIAIS E NON PRESENCIAIS).

No caso de que as autoridades sanitarias decidan tomar medidas que impidan a impartición das clases presenciais, o mestre de E. F. utilizará a páxina web do centro para recomendar semanalmente unha serie de actividades para que na medida do posible os pais, nais, tutores,-as fagan co alumnado de Educación Infantil na súa casa. Ditas actividades estarán relacionadas cos contidos e obxectivos propios do currículo e desta programación

MÚSICA

OBXECTIVOS

- Observar as cualidades sonoras do corpo.
- Discriminar sonidos que produce.
- Asimilar a alternancia: son / movemento -silencio / quietud.
- Recoñecer ritmos prosódicos e interpretalos en instrumentos, individualmente, en grupo e con apoio musical.
- Explorar recursos expresivos na interpretación de cancións.
- Explorar e experimentar as posibilidades expresivas e comunicativas de distintos materiais.
- Coñecer, distinguir e manexar familias de instrumentos escolares.
- Coñecer e interpretar varias cancións infantís e tradicionais.
- Traballar distintas danzas.
- Valorar e empregar estratexias de interpretación en grupo: atención, espera, velocidade, intensidade, etc.
- Coñecer as cualidades dos sons: intensidade, timbre, duración e altura.

CONTIDOS

- Os sentidos como medio de percepción e de relación. Recursos corporais expresivos para o xogo dramático e musical.
- As cualidades dos sons: intensidade, timbre, duración e altura.
- A voz como instrumento de expresión e comunicación.
- Posibilidades sonoras do propio corpo. Acompañamento rítmico xestual ou con percusións dunha canción e dunha audición.
- Disfrute co canto propio e o acompañamento rítmico xestual e instrumental.
- Elementos da música: imitación de melodías sinxelas en forma de eco. Reproducción de melodías sinxelas por imitación.
- Familias de instrumentos: iniciación.

METODOLOXÍA

Actividade lectiva presencial

A metodoloxía levada a cabo basearase na actividade, promovendo a participación do alumnado e considerando que un obxectivo primordial será o desenvolvemento dos nosos instrumentos naturais, a voz e o corpo. Así pois, primaranse os aspectos prácticos, partindo desta para chegar á teoría. A linguaxe musical convencional irase introducindo progresivamente e dun xeito natural, partindo da experimentación e vivenciación previa dos conceptos ou elementos a coñecer.

Prestarase especial atención ó ambiente da clase e ás relacións de grupo. Tratarase de potenciar as propostas e creacións do alumnado, a nivel individual ou de grupo e fomentar unha actitude crítica a partires da valoración das propias actividades.

Nas diferentes sesións iranse complementando actividades colectivas, en gran grupo, con outros momentos de traballo en pequeno grupo ou individuais, nos que se propiciará a

expresión creativa do alumnado.

Actividade lectiva semipresencial

Neste suposto, a semana que a actividade sexa presencial realizaranse actividades de carácter máis práctico e participativo. O traballo a realizar na semana que a actividade non sexa presencial estará a disposición do alumnado na aula virtual ou indicárselle na aula durante a semana que están de xeito presencial, dependendo da complexidade ou particularidade de cada unidade didáctica.

Actividade lectiva non presencial

A metodoloxía levada a cabo nesta situación será o máis motivadora, activa e participativa posible. Estará baseada no emprego de cancións, audicións, exercicios rítmicos e danzas motivadoras que axuden a activar o interese do alumnado pola música. Serán actividades prácticas e lúdicas para propiciar un unha aprendizaxe o máis amena posible.

Empregarase a aula virtual do centro ou o correo electrónico para entregar o traballo semanal, facendo posteriormente un seguimento da realización das actividades e propiciando un contacto o máis directo posible coas familias.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O carácter práctico e de grupo das clases de música garante que cada alumno vaia desenvolvendo as súas habilidades e capacidades seguindo o seu propio ritmo de aprendizaxe. Ademais, as actividades propostas irán en orde crecente de dificultade, de xeito que cada alumno poida acadar o seu propio nivel de realización e permitirán a introdución de modificacións para seren adaptadas á diversidade do alumnado. En calquera caso, prestarase unha atención máis individualizada a aqueles alumnos que presenten maiores dificultades.

MATERIAIS E RECURSOS

As sesión de Educación Infantil terán lugar nas propias aulas de infantil. Para o desenvolvemento das sesións empregaremos os distintos materiais dos que dispomos nesta aula: instrumentos de pequena percusión e de láminas, obxectos sonoros, teclado, cadea musical, ordenador e dispositivos móbiles, proxector, bibliografía e discografía diversa. Tamén empregaremos material elaborado por min e achegado polo propio alumnado, así como outros espazos e recursos do centro.

AVALIACIÓN

A avaliación será un proceso continuo de seguimento da evolución do alumnado, da práctica educativa e do desenvolvemento da propia programación. Realizarase unha avaliación global, continua e formativa, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares establecidos, que permitirá ir adaptando a programación ás condicións que vaia observando na práctica.

Ao longo das diferentes sesións recolleranse datos que permitan establecer o grao de consecución dos obxectivos propostos tendo en conta os estándares de avaliación establecidos para cada un dos cursos nos diferentes trimestres. Os procedementos e instrumentos cos que se levará a cabo a avaliación serán:

- **Observación directa** e sistemática dos alumnos, recollendo datos sobre o seu traballo diario (participación activa, interese pola materia, esforzo por mellorar) e o seu comportamento, actitude e destrezas adquiridas. Empregarase un **diario de clase** e un **registro anecdótico**.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- **Traballo diario** (Participación activa, interese, esforzo por mellorar) **50%**

- **Hábitos educativos** (Conduta e comportamento persoal, relacións interpersoais e cooperación cos demais) **50%**

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PROPIA PROGRAMACIÓN

A avaliación da propia programación realizarase ao longo do curso e ao remate do mesmo coa finalidade de valorar a súa adecuación ao desenvolvemento das sesións e introducir así as modificacións que sexan oportunas.

Para levala a cabo atenderanse aos seguintes aspectos:

- consecución dos obxectivos propostos
- adecuación das actividades ao alumnado
- implicación e satisfacción, tanto do alumnado como do profesorado, na realización das actividades propostas
- ambiente creado durante as sesións
- adecuación dos recursos empregados
- organización do tempo e do espazo
- a idoneidade das técnicas e instrumentos de avaliación empregados

Na memoria final de curso reflectiranse os cambios introducidos e os aspectos a mellorar.

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA EDUCACIÓN 6º INFANTIL. CURSO 21-22

1.-INTRODUCCIÓN-CONTEXTUALIZACIÓN

A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores

